



---

# Diálogos interxeracionais en ciencia e tecnoloxía

## Primeiro diálogo: Física

---

**IES Arcebispo Xelmírez I**  
Santiago de Compostela  
Martes, 22 de marzo de 2022

Iniciamos con esta actividade unha serie de diálogos interxeracionais que nos axuden a mellorar a nosa comprensión acerca dalgunhas das grandes transformacións acaecidas en Galicia durante os últimos cincuenta anos e a maneira en que eses fitos fundamentais da nosa historia recente poden influír no futuro da nosa sociedade.

Neste primeiro diálogo, centrado nas ciencias físicas, participarán Carlos Pajares Vales, profesor emérito e exreitor da USC; Elena González Ferreiro, investigadora do Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE), e Clara Nieto Lado, alumna de primeiro curso do grao en Física. Agromarán neste encontro temas como a evolución da física de partículas en Galicia dende a súa orixe na Facultade de Química ata o actual IGFAE na USC, o impacto da informática na investigación e tamén na nosa sociedade (primeiro correo electrónico escrito en Galicia, evolución dende os primeiros ordenadores con tarxetas perforadas ata o actual Centro de Supercomputación de Galicia...), a colaboración e investigación en centros internacionais coma o CERN, cales eran e cales son agora as perspectivas laborais dos graduados e graduadas en Física, así como a cada vez máis importante relación entre muller e ciencia. Terán cabida tamén aspectos de índole persoal, por exemplo os relativos aos momentos máis gratificantes e máis difíciles dunha carreira científica.

Pensamos que o alumnado dun bacharelato de ciencias pode atopar un valor especial nesta actividade, polo que consideramos importante, ademais de contar cunha escolma deles como público presencial, gravar e editar un vídeo que poida ser empregado posteriormente como recurso didáctico. O lugar elixido para levar a cabo este diálogo é o Museo do IES Arcebispo Xelmírez I, que alberga a colección dos gabinetes de ciencias do antigo Instituto de Santiago.

Imaxe da portada: Paulo Porta

# Programa

---

11:15 horas

Presentación

**Rosario Álvarez**, presidenta do CCG

**Manuel Portas**, director do IES

Arcebispo Xelmírez I

**Elena Vázquez Cendón**, coordinadora da Sección de Ciencia, Tecnoloxía, Natureza e Sociedade (CCG)

**Javier Méndez Zunzunegui**, profesor do IES Arcebispo Xelmírez I e membro da Sección de Ciencia, Tecnoloxía, Natureza e Sociedade (CCG)

11:30 horas

Mesa redonda

- **Elena González Ferreiro**, investigadora do Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE)

- **Clara Nieto Lado**, alumna de primeiro curso do grao en Física

- **Carlos Pajares Vales**, profesor emérito e exreitor da USC

## **Organiza**

Sección de Ciencia, Tecnoloxía, Natureza e Sociedade (CCG)  
Consello da Cultura Galega

## **Colabora**

IES Arcebispo Xelmírez I

## **Coordina**

Javier Méndez Zunzunegui

## **Lugar**

IES Arcebispo Xelmírez I  
Rúa da Poza de Bar, s/n  
15705 Santiago de Compostela

## **Información**

A actividade realizarase a porta pechada para o alumnado do IES Arcebispo Xelmírez I.

## **Máis información**

[www.consellodacultura.gal](http://www.consellodacultura.gal)  
[difusion@consellodacultura.gal](mailto:difusion@consellodacultura.gal)  
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

---

**Organiza:**



**Colabora**

